



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Concello de Santiago de Compostela

A/At. Sr. alcalde

Praza do Obradoiro-Pazo de Raxoi

15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 19/12/2014 13:48:36

SAÍDA 14173 / RX 1244524



OFICIO

DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Modificación puntual do plan de sectorización SUNP-25 en Roxos


Órgano promotor: Concello de Santiago de Compostela

Expediente: 2014AAE1747

Código web: 1676/2014

Achégolle unha copia compulsada da decisión sobre a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica relativa á Modificación puntual do plan de sectorización SUNP-25 en Roxos, Concello de Santiago de Compostela (A Coruña).

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2014



Carlos Calzadilla Bouzon

Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental





DECISIÓN DO 16 DE DECEMBRO DE 2014 DE NON SOMETER A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN DE SECTORIZACIÓN SUNP-25 EN ROXOS, PROMOVIDA POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (expediente 2014AAE1747)

Tendo en conta a proposta do Servizo de Avaliación Ambiental, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O Plan de sectorización do SUNP-25 en Roxos, no Concello de Santiago de Compostela, aprobouse definitivamente o 19.05.2006. Este Plan de sectorización delimita un único sector no ámbito do solo urbanizable non programado *SUNP-25 Roxos* e establece a súa ordenación detallada (desenvolvida no estudo de detalle aprobado o 26.11.2009).
2. O día 18.11.2014 recibíuse na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas un escrito do director técnico da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible do Concello de Santiago de Compostela no que comunica o inicio da tramitación da "Modificación puntual do plan de sectorización SUNP-25 en Roxos" e achega o correspondente documento de inicio para que se determine se debe someterse ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (en diante AAE).
3. Como paso previo a adoptar a decisión sobre o sometemento desta modificación ao proceso de AAE, o documento de inicio expúxose ao público na páxina web desta Consellería por un prazo de vinte días naturais, o cal finalizou o 15.12.2014. Consultouse tamén aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) integrou no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de AAE que regula a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.
2. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, sinala (artigo 5.e) que a modificación de calquera instrumento de planeamento urbanístico debe ser obxecto de AAE cando así o decida o órgano ambiental. A dita decisión debe ser motivada, pública e axustada aos criterios do anexo II da Lei 9/2006.
3. Como paso previo para adoptar a decisión mencionada no punto anterior, débense consultar polo menos as administracións públicas afectadas (artigo 4 da Lei 9/2006).
4. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo indica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da Modificación puntual

Ámbito de actuación: área con destino a usos hoteleiros inserida no sector de solo residencial SUNP-25 (plano 02.Ordenación), situado a carón do núcleo de Roxos.

Superficie do ámbito: 3.381 m²



Obxecto: permitir implantar no ámbito unha residencia da terceira idade e equipamento específico para formar persoal especializado no coidado de persoas dependentes.

Proposta: modificar o artigo 15 das Ordenanzas reguladoras, relativo á ordenanza de uso hoteleiro, para incorporar como uso principal o de equipamentos de carácter privado (residencias da terceira idade, centros médicos e asistenciais, centros culturais, etc.).

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito territorial da Modificación puntual atópase na periferia da cidade de Santiago de Compostela, nunha zona rural e residencial onde se mesturan vivendas tradicionais (núcleo de Roxos) con vivendas unifamiliares de recente execución ao abeiro do plan de sectorización que se modifica.

Trátase, polo tanto, dunha área xa urbanizada na que non existen espazos de salientable valor ambiental.

3. Período de exposición pública e consultas do documento de inicio

Durante o período de consultas recibíuse un escrito do Servizo de Planificación Hidrolóxica, de Augas de Galicia, no que expón que no ámbito das súas competencias non cabe realizar ningunha observación salientable, agás que se deberán cumprir as dotacións de auga establecidas para os distintos tipos de actividades específicos, centros colectivos e de servizos que se definen no artigo 26 da normativa do vixente Plan Hidrolóxico Galicia Costa (aprobado por RD 1332/2012 de 14 de setembro).

Tamén se recibiu un escrito da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, no que informa que non é previsible que o cambio de uso a equipamento privado da parcela, posto que



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

non cambian nin as previsións tipolóxicas da edificación nin os requirimentos para as súas instalación, teña un efecto sobre o patrimonio cultural.

4. Efectos ambientais previsibles

Con esta modificación puntual do Plan de sectorización preténdese permitir a construción de equipamentos privados para usos asistenciais nunha área residencial situada na periferia da cidade de Santiago.

Tendo en conta as características da Modificación puntual e as da área probablemente afectada, de conformidade cos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006 do 28 de abril, conclúese que non se agardan efectos ambientais significativos.

PROPOSTA

Considerando o sinalado nos apartados anteriores, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a *Modificación puntual do Plan de sectorización SUNP-25 en Roxos*, promovida polo Concello de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2014

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental

Margarita Segade Castro



Conforme:

subdirector de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

ACORDO

De conformidade coa proposta anterior, acordo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a *Modificación puntual do plan de sectorización SUNP-25 en Roxos*.

Este acordo farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (www.cmati.es) e remitirase ao órgano promotor.

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta



Santiago, 19 DEC. 2014

Asdo: Alberto Rodríguez Gariño



Decisión: Modificación puntual do plan de sectorización SUNP-25 en Roxos
Órgano promotor: Concello de Santiago de Compostela
Expediente: 2014AAE1747

páxina 3 de 3